

003050 28.03.2014 08:44


O anexo I da resolución reitoral do 13 de xuño pola que se publica a Convocatoria xeral de matrícula para o curso 2013-2014 establece como prazo para solicitar a inscrición para optar ao Premio Extraordinario do 15 ao 29 de novembro de 2013. Á vista da petición da Escola Politécnica Superior, estímase conveniente establecer un prazo extraordinario co fin de non prexudicar aos alumnos afectados.

É por iso que,

Esta Reitoría **Resolve:**

**ÚNICO.-** Os alumnos que estean en condicións de concorrer aos Premios Extraordinarios correspondentes ao curso 2012-2013 das titulacións en extinción impartidas na Escola Politécnica Superior poderán presentar a solicitude entre o **31 de marzo e o 11 de abril de 2014.**

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2014

O REITOR,  
  
Asd: Juan J. Casares Long

Versión en castellano